

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE PAIS/NAIS DE ALUMNOS/AS NO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

Estimados/as pais/nais de alumnos/as deste centro:

A resolución do 25 de Setembro de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Educación (**D.O.G. 08/10/2018**) establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos Consellos Escolares de centros de educación non universitarios. Para a súa información notifícolle, de xeito resumido, os principais aspectos relativos á elección dos/as representantes de pais/nais de alumnos/as.

1.- CONSELLO ESCOLAR

É o órgano de participación no centro dos diferentes sectores da Comunidade Educativa. A súa composición é a seguinte:

- Director/a do centro
- Xefe de estudos
- Secretario/a (con voz pero sen voto)
- 5 Profesores/as elixidos/as polo claustro
- 5 Pais/nais de alumnos/as (1 deles proposto/a pola ANPA)
- 1 Representante do Concello
- 1 Representante da administración e servizos

Neste curso cómpre facer unha renovación e de acordo coa lexislación vixente, no sector pais/nais de alumnos/as, corresponde **renovar 2 dos seus membros**.

2.- XUNTA ELECTORAL

Todo o proceso electoral estará organizado e supervisado por unha XUNTA ELECTORAL formada por:

- Directora do centro
- 1 Profesor/a (elixido en sorteo público).
- 1 Pai/nai de alumno/a (elixido en sorteo público).
- 1 membro da administración e servizos (elixido en sorteo público).

3.- ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE PAIS/NAIS DE ALUMNOS/AS

- a) **Electores:** Son o pai e a nai ou os titores legais (**poden votar os dous**) dos/as alumnos/as matriculados/as no centro e que figuren no censo de pais/nais que estará exposto no taboleiro de anuncios do colexio (**convén revisar e comunicar se hai erros de omisión ou transcripción**), se Vde. non figurase no censo ou advertira algún erro pónao en coñecemento antes do día 16 de novembro para que a secretaria proceda á súa rectificación, e o comunique á Xunta electoral para a súa aprobación.

b) Elixibles: Todos os electores son elixibles sempre e cando presenten a súa candidatura. Se Vde. quere ser candidato/a ten que solicitalo a Xunta Electoral, para eso pode facer Vde. unha solicitude dirixida á Xunta Electoral ou ben na conserxería do colexio o impreso oficial aprobado pola Xunta Electoral, (tamén pode pedilo a través do/a seu/súa fillo/a.)

O prazo de presentación de candidaturas será do 06 ao 16 de Novembro (ámbolos dous inclusive) e debe entregar Vde. a súa solicitude na secretaría do centro, en horario de 10.00h a 13:30.00h. A campaña electoral comprenderá dende o 20 ao 24 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos/as candidatos/as, previa petición á presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio.

c) Elección: A votación para a elección dos pais/nais que corresponde renovar farase entre os/as candidatos/as admitidos/as e proclamados/as pola Xunta Electoral o vindeiro día **26 de Novembro** no colexio diante dunha mesa electoral constituída por:

- A directora do centro, que será a súa presidenta
- Catro pais/nais de alumnos/as designados/as por sorteo público entre os/as que non sexan candidatos/as (que se celebrará o día 19 de novembro ás 12:15 horas no centro).

A Xunta Electoral acordou que o horario de votación sería de 14:30h a 18:00h. Ao remate farase o escrutinio público dos resultados.

O voto será directo, segredo e non delegable. Cada elector/a acreditará a súa personalidade mediante a presentación do DNI ou calquera documento acreditativo e fará constar na papeleta un máximo dun nome.

d) Supervisores: Poderán actuar como supervisores/as da votación os/as pais/nais ou titores do alumnado matriculados no colexio, ben propostos/as pola ANPA do centro, ben avalados/as pola sinatura de **dez** pais/nais.

A aquelas persoas que resulten designadas no sorteo da Mesa Electoral comunicaráselles por escrito coa suficiente antelación. (A lo menos 4 días antes das eleccións)

Ós membros integrantes da xunta electoral, das mesas electorais e ós electores que necesiten permiso laboral para o desempeño das súas obrigas expediráselles un certificado de asistencia en aplicación ao establecido na lexislación vixente

Para máis información sobre o proceso consultar a lexislación no portal educativo da Xunta de Galicia sección Consello Escolar de Galicia. Tamén pode Vde. pasar polo colexio onde lle facilitaremos a información que precise.

A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamación que se poidan formular.

Agardamos que esta información sexa de utilidade a todos os membros da nosa Comunidade Educativa e recordamos que como Órgano de Goberno e de Participación é de suma importancia que no sector pais/nais de alumnos se presenten o maior número de candidatos para garantir a pluralidade de representación.

E co noso ánimo a que participen tanto como candidatos/as como electores/as neste proceso, Reciban un cordial saúdo,

Serra de Outes, 5 de novembro de 2018

A DIRECTORA (PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL)



Asdo. M^a de las Mercedes Cereijo Tuñas.